


Programación Pastoral



Himno

Pueblo en camino

T: Uxío Nerga Mendiña

M: Daniel Goberna Sanromán

♩ = 60

8

Pue-blo en ca - mi - no por Dios con - vo - ca - do, nue-vo-a-ma-ne - cer que ha-ce del de -

15

sier - to que ha-ce del de - sier - to ri - co ver - gel

1. Dios nos lla - ma ser -
2. En vi - an do el
3. Bau - ti - za - dos en

22

vir - lo san - ta - men - te, nos o - fre - ce sua - mor en a - li - an - za nos con -
Pa - dre a su Hi - jo nos o - tor - ga en Él su fi - lia - ción. Je - su -
un so - lo Es - pí - ri - tu con - for - ma - dos al - ma - gen del Se - ñor. En la

29

vo - ca a ser un nue-vo pue - blo que ca - mi - ne con fe y en a - la - ban - za
cris - to ca - be - za de la I - gle - sia, Sa - cra - men - to del Rei - no de Dios.
me - sa nos sir - vey a - li - men - ta; Sa - cri - fi - cio. Pre - sen - ciay Co - mu - nión.

PUEBLO EN CAMINO

PUEBLO EN CAMINO POR DIOS CONVOCADO,
NUEVO AMANECER QUE HACE DEL DESIERTO
QUE HACE DEL DESIERTO RICO VERGEL.

1. Dios nos llama a servirlo santamente,
nos ofrece su amor en alianza
nos convoca a ser un nuevo pueblo
que camine con fe y en alabanza.
2. Enviando el Padre a su Hijo
nos otorga en Él su filiación.
Jesucristo cabeza de la Iglesia,
Sacramento del Reino de Dios.
3. Bautizados en un solo Espíritu
conformados a Imagen del Señor.
En la mesa nos sirve y alimenta;
Sacrificio, Presencia y Comunión.

POBO DE DEUS, COMUNIDADE DE ESPERANZA

Indicacións catequéticas sobre o cartel

Ofrecemos unhas suxestións sobre o cartel que poden servir para un encontro, unha catequese ou simplemente unha breve explicación.

A) Descrición do cartel

O cartel ten unha lectura vertical.

O fondo do cartel é unha multitude de persoas con vestiduras de diversas cores. Están amoreadas, moi xuntas e os seus rostros non están definidos. Todos portan unha aureola de santidad.

Esta imaxe é a interpretación moderna dunha tabla de FRAI ANGELICO: *Los precursores de Cristo con los santos y los mártires.*

Esa imaxe está cortada na parte superior e na inferior por dúas frases, en letras brancas sobre fondo dourado, que compoñen o lema do presente curso pastoral:

Pobo de Deus, comunidade de esperanza

B) Suxestións catequéticas

Coméntanse os distintos elementos que conforman o cartel.

➤ A imaxe:

A multitude de persoas remítenos ás pasaxes evanxélicas onde Xesús fala para as multitudes, como por exemplo no relato das benaventuranzas (Mt 5, 1-12).

O Papa Francisco pregúntase:

Se algún de nós se formula a pregunta: «Como se fai para chegar a ser un bo cristiá?», a resposta é sinxela: é necesario facer, cada un á súa

maneira, o que di Xesús no sermón das benaventuranzas. Nelas debúxase o rostro do Mestre, que estamos chamados a transparentar no cotiá das nosas vidas.

A palabra «feliz» ou «benaventurado» pasa a ser sinónimo de «santo», porque expresa que a persona que é fiel a Deus e vive a súa Palabra acada, na entrega de si, a verdadeira dita. (FRANCISCO, *Gaudete et exultate*, 63-64).

Os benaventurados son os santos, nome co que se coñecían aos cristiáns nos primeiros tempos. Eles, que “lavaron os seus vestidos e branquexáronos co sangue do Año” (Ap, 7,14), conforman unha multitude que loa ao Señor, como se describe no libro da Apocalipse (Ap 7, 9-17).

➤ **O lema: *Pobo de Deus, comunidade de esperanza:***

O lema do curso está sobre un fondo dourado que simboliza, na tradición das iconas, o espazo celestial, sinalando así que o Pobo de Deus “é ante todo un pobo que peregrina cara a Deus” (FRANCISCO, *Evangelii Gaudium*, 111).

O concepto Pobo de Deus, tan presente no maxisterio do papa Francisco, foi recuperado polo Concilio Vaticano II:

Foi vontade de Deus o santificar e salvar aos homes, non illadamente, sen conexión algunha dos uns cos outros, senón constituíndo un pobo, que o confesara en verdade e o servira santamente (CONCILIO VATICANO II, *Lumen Gentium*, 9).

A Igrexa, novo Pobo de Deus, ten como misión congregar a toda a humanidade nun único pobo:

Todos os homes están chamados a formar parte do novo Pobo de Deus. Polo que, este pobo, sen deixar de ser un e único, debe estenderse a todo o mundo e en todos os tempos, para así cumprir o designio da vontade de Deus, quen nun principio creou unha soa natureza humana, e aos seus fillos, que estaban dispersos, determinou congregalos (cf. Xn 11,52). Para isto enviou Deus ao seu fillo, a quen constituíu en herdeiro de todo (cf. Hb 1,2), para que sexa Mestre, Rei e Sacerdote de todos, Cabeza do pobo novo e universal dos fillos de Deus. Para isto, finalmente, enviou Deus ao Espírito

do seu Fillo, Señor e Vivificador, que é para toda a Igrexa e para todos e cada un dos crentes o principio de asociación e unidade na doutrina dos Apóstolos, na mutua unión, na fracción do pan e nas oracións (cf. Ft 2,42). (CONCILIO VATICANO II, *Lumen Gentium*, 13).

Este Pobo conforma unha comunidade esperanzada que ten como misión a construción do Reino e como meta o ceo. Unha comunidade que se alimenta da Palabra e do Pan do Señor:

A comunidade está chamada a crear ese «espazo teoloxal no que se pode experimentar a presenza mística do Señor resucitado». Compartir a Palabra e celebrar xuntos a Eucaristía fainos máis irmáns e vains convertendo en comunidade santa e misioneira. (FRANCISCO, *Gaudete et exsultate*, 142).

E no medio do Pobo, María:

Co Espírito Santo, no medio do pobo sempre está María. Ela reunía aos discípulos para invocalo (Ft 1,14), e así fixo posible a explosión misioneira que se produciu en Pentecostes. Ela é a Nai da Igrexa evanxelizadora e sen ela non acabamos de comprender o espírito da nova evanxelización. (FRANCISCO, *Evangelii Gaudium*, 284).